

PAU 2025

Estrutura do exame de Bioloxía

O exame consta de **catro preguntas de resposta obrigatoria**, cun valor de 2,5 puntos cada unha.

A **primeira pregunta** estará sempre baseada na lectura dun texto, científico ou xornalístico, relacionado cun tema de interese e actualidade, que sirva para comprobar como o estudantado de Bioloxía é capaz de desenvolver as competencias adquiridas durante o curso. Nos casos nos que sexa convinte, os textos adaptaranse para facilitar a realización da proba, ou mesmo serán redactados completamente. A partir dese texto, formularanse unha serie de preguntas (4-5), orientadas a explorar diferentes áreas competenciais, seguindo a estrutura amosada no modelo de exame publicado. É importante, por tanto, traballar durante o curso preguntas do tipo das incluídas no exame de mostra como, por exemplo, a redacción dun parágrafo curto usando palabras clave, ou a identificación, nunha figura, de moléculas, elementos, procesos, etc.

As **preguntas 2-4** teñen dous apartados:

O **primeiro apartado** é de resposta única, ten un valor de 1 punto, e debe ser contestando en todos os casos.

O **segundo apartado** ten dúas preguntas, con posibilidade de elección. Este segundo apartado ten un nivel de dificultade algo maior, e o seu valor é de 1,5 puntos. É moi importante non responder a máis dunha pregunta neste apartado, xa que, nese caso, unicamente se valoraría a primeira pregunta contestada.

Por último, é importante sinalar que cada pregunta pode estar relacionada con máis dun bloque da materia. En cada pregunta indícase o bloque ou bloques da materia de referencia, pero **a distribución de bloques que figuran no exame de mostra non ten por que manterse noutros exames**, aínda que en todos os casos farase unha distribución equilibrada das preguntas entre os diferentes bloques.

O Grupo de Traballo de Bioloxía